



I LIGA POPULAR DE CAZA DO RAPOSO PROBAS PUNTUABLES PARA A COPA FEDERACIÓN

O pasado sábado, 16 de setembro, as cuadrillas participantes na primeira liga de caza do raposo desprazábanse ata Monforte de Lemos, baixo a organización da Sociedade de Caza Val de Lemos.

Cun día nubrado, e baixas temperaturas, que facían presaxiar unha boa xornada cinexética para dar caza ao escurridizo e astuto raposo, concentrábanse as cuadrillas sobre as sete e cuarto da mañá, fronte ao Monasterio dos escolapios, concretamente no Bar Carolus, onde se realizou o sorteo de manchas e xuíces. Arredor das oito da mañá saíase para o cazadoiro.

As primeiras horas da competición estiveron marcadas pola néboa nalgunhas das zonas, o que provocou un menor número en horas de caza e consecuentemente menores capturas. A pesares de todo a xornada transcorreu sen incidentes e cunha gran deportividade.

Ás dúas da tarde remataba a cacería e ás dúas e media pechábase o control de capturas. As cuadrillas foron chegando, algunhas coas máns vacías, outras con capturas, entre as que cabe destacar a **Parrillada Antonio con 4 raposos, que se proclamaba con campión da Proba; seguido de Gullade con 3; e en terceiro lugar A Xesteira cun raposo.**

As cuadrillas quedan emprazadas para el día 23 no tecor de Incio, onde seguirán disfrutando dos lances cinexéticos que depara o raposo.